



ANEXO I

ANOTACIÓNS EN RELACIÓN COAS INSTRUCIÓNS DE 1 DE SETEMBRO DE 2016, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, DURANTE O CURSO 2016/2017, NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS, DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector do centro

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

De igual maneira, o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (proxecto lector de centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola LOMCE¹, no seu **artigo 113**, fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o Marco de referencia para las bibliotecas escolares², no que se definen como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da

¹ Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

² Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011).



institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

Estas bibliotecas deben permitir o acceso a materiais informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo. Son espazos, tamén, para a lectura, facilitadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral. Deben apoiar os programas do centro no seu conxunto, especialmente aqueles que vaian enfocados á formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento”.

Son estas bibliotecas as que poden favorecer a **alfabetización múltiple**, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da UE (2012): *Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. Diario Oficial da Unión Europea.*³

Neste contexto defínese a alfabetización múltiple como a “*comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*”, abundando en que esta “*competencia é esencial para a vida*” e que “*é a porta cara ao resto das aprendizaxes*”.

Os avances vividos nos últimos anos, desde a implantación en 2007 dos primeiros proxectos lectores de centro, modificaron de forma significativa a presenza da lectura no ámbito escolar. A meirande parte dos centros de primaria, e un bo número dos de secundaria, dedican un tempo á lectura en horario lectivo, a comunmente denominada “hora de ler”, na que se poñen en práctica distintas fórmulas (lectura silenciosa sostida, lecturas guiadas, lectura en voz alta, proxectos arredor dun libro...) que derivan nun maior compromiso do alumnado coa súa formación como lectores. Os clubs de lectura son outra realidade que se observa con gran interese desde dentro e fóra de Galicia, como unha das prácticas máis enriquecedoras para o alumnado que voluntariamente participa nestas iniciativas, que están demostrando a súa potencialidade no desenvolvemento de competencias clave, máis aló da evidente formación lectora. A implicación das familias a través de actividades como as “mochilas viaxeiras” ou as sesións de lectura compartida, tan comúns nos centros de infantil e primaria, é fundamental para avanzar na sensibilización do alumnado, e da sociedade en xeral, sobre a necesidade de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á lectura (independentemente do contido, o soporte ou o formato), como ferramenta de construción persoal e social. Todas estas dinámicas serían impensables sen un instrumento esencial como é a biblioteca escolar, con profesorado formado e dinámico á súa fronte e unha comunidade educativa organizada e comprometida coa súa existencia nos centros.

³ <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>



As bibliotecas escolares cumpren, ademais, a función de achegar a toda a poboación escolar uns recursos culturais e para a aprendizaxe que a situación socioeconómica das familias, ou a dispersión das entidades de poboación propias do rural galego, ás veces non facilitan. Así, as bibliotecas cumpren unha función de compensación das desigualdades poñendo a disposición do alumnado e das súas familias, materiais actualizados e seleccionados con criterios de calidade, así como oportunidades para o encontro coa cultura en xeral e coa lectura en particular.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, puxo en marcha no ano 2005 un programa para a mellora das bibliotecas escolares (o Plan de mellora de bibliotecas escolares), integrado agora no PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), do que xa se está a desenvolver a súa segunda fase para o período 2016/2020. Tras 12 convocatorias continuadas, este programa permitiu unha visible renovación dos equipamentos das bibliotecas que se foron incorporando (grazas a unha inversión importante das administracións educativas, pero tamén un significativo cambio no modo de entender o papel das bibliotecas nos centros educativos), ao tempo que ampliaban as súas funcións, especialmente a de apoio ao desenvolvemento do currículo. Os esforzos realizados polas comunidades educativas na organización dos recursos tanto materiais como humanos contribuíron a esta renovación, e acadaron, ademais, recoñecemento a nivel nacional e internacional e, o que é máis importante, representan un importante apoio a todas ás ensinanzas que se imparten nos centros e á formación do alumnado como lectores e como usuarios de información.

A experiencia destes últimos anos pon de manifesto a importancia dun equipo estable de biblioteca e a existencia dunha coordinación con tempo dispoñible, experiencia e formación, para que os avances sexan posibles, para que a biblioteca teña un mínimo de continuidade e para lograr resultados significativos no ámbito da lectura e doutras competencias clave.

Valorada a resposta das comunidades educativas ás anteriores instrucións ditadas por esta dirección xeral en relación coa biblioteca escolar, diante dos cambios normativos e **a necesaria adaptación ás novas necesidades educativas**, cómpre seguir avanzando, na convicción de que as bibliotecas escolares son un factor de calidade do ensino que ofertan os centros educativos galegos, garantir o mantemento do nivel de excelencia acadado por unha boa parte das bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares e favorecer a extensión a todos os centros dun modelo que facilita a consecución de logros a nivel académico e que beneficia a toda a comunidade educativa.

A continuación realízanse algunhas anotacións ao documento de instrucións para o curso 2016/2017, que serán de aplicación en todos os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten ensinanzas de nivel non universitario, coa adaptación pertinente ás diferentes tipoloxías de centros:



Primeira: A biblioteca, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

- 1. Todos os centros de niveis non universitario deberán establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa, unha biblioteca escolar** que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, e a outros recursos informativos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.

A biblioteca, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, deberá facilitar oportunidades de aprendizaxe diversas, e ocasións para o encontro entre os distintos membros da comunidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.

- 2. Esta biblioteca deberá ser cada vez máis unha biblioteca inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á accesibilidade, os recursos dispoñibles a través da colección física ou virtual, os equipamentos e as actividades propostas.**

A biblioteca escolar inclusiva non pode conformarse con ter recursos dispoñibles para toda a comunidade educativa, tamén debe idear fórmulas para atraer e vincular ao alumnado que máis poida necesitar os instrumentos de acceso ao coñecemento ou que precise adaptacións acordes ás súas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). A localización da biblioteca no centro, a selección de materiais físicos ou dixitais para a colección, a sinalización, a distribución do mobiliario ou as propostas de actividades deben ter en conta estes principios.

- 3. No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha “biblioteca distribuída”,** onde as bibliotecas de aula e outros espazos dedicados á posibilitar fontes informativas ou actividades relacionadas con lectura ou tratamento da información conformen, no seu conxunto, “a biblioteca”, e que terá as mesmas funcións que unha biblioteca escolar centralizada. **En circunstancias normais (e aínda que o espazo sexa reducido) non se poderán separar os recursos en lugares distintos por mor do soporte (impreso/dixital).**

En termos xerais, as bibliotecas de aula ou departamento serán considerados como seccións da biblioteca escolar do centro, e deberá realizarse unha xestión centralizada de todos os seus recursos (aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente situados nesas seccións). A biblioteca central deberá contar cun número suficiente de ordenadores con acceso a internet, de forma que se garanta unha consulta equilibrada, no mesmo proceso de busca, de distintas fontes informativas. A existencia dunha “aula de informática” no centro, en moitos



casos, non é garantía suficiente de acceso aos distintos recursos dixitais para todo o alumnado nos procesos de busca e contraste de información, polo que se deberá ter en conta esta circunstancia á hora de redistribuír os equipamentos dispoñibles. Algúns centros fusionaron xa os espazos de biblioteca e “aula de informática”, evolucionando cara un espazo de aprendizaxe multifuncional máis acorde ás novas necesidades educativas.

Cómpre atender a necesidade do alumnado de contar con recursos dixitais para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos ou en soporte electrónico), nun momento de potenciación das prácticas metodolóxicas que esixen a formación do alumnado neste tipo de tarefas (metodoloxía de traballo por proxectos, posibilidade de optar por unha materia de libre configuración como “Investigación e Tratamento da Información” para 1º ou 2º curso de ESO”, ou as correspondentes adaptacións para 4º/6º de primaria etc.).

- 4. Os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro** (entre un 5% e un 10% do orzamento do centro).

A biblioteca subministra fontes informativas para todas ás áreas de aprendizaxe do centro, e diseña actividades para toda a comunidade educativa. A este orzamento ordinario, sumaranse as dotacións extraordinarias que poidan recibirse desde a administración educativa para o mantemento da colección ou mellora dos equipamentos básicos.

- 5. O equipo directivo deberá tomar as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo.**

*A biblioteca escolar é un instrumento imprescindible para o traballo por competencias e o desenvolvemento do currículo. Por esta razón, o equipo directivo, no exercicio das súas funcións, deberá promover que todo o profesorado contemple este recurso como un apoio para o exercicio das súas funcións docentes, e **contribúa coa súa actuación directa ou indirecta**, e na medida do posible, á súa existencia. A biblioteca escolar dos centros educativos é o resultado da corresponsabilidade da administración, das direccións dos centros, dos equipos docentes e das comunidades educativas no seu conxunto.*

- 6. A biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades**, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

“Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe”. Esta afirmación, recollida no preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, de



9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, apoia unha tendencia iniciada por algúns centros educativos galegos a través das súas bibliotecas, que están liderando na nosa comunidade a introdución de metodoloxías de aprendizaxe por proxectos, realizando propostas, coordinando e apoiando directamente proxectos de carácter interdisciplinario, ademais de apoiar cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Cómpre continuar nesta liña, diante dos beneficios observados nos centros que xa teñen un certo percorrido neste sentido. No primeiro trimestre do presente curso farase pública a resolución do III Concurso de Traballos por Proxectos, convocado por esta dirección xeral, e difundiranse as experiencias de maior interese, que poidan servir de guía e inspiración para outras propostas.

- 7. A biblioteca** será tamén o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa, polo que **deberá deseñar e apoiar actividades para o fomento da lectura que contemplan os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.**
- 8. A utilización da biblioteca concirne a todo o profesorado**, a todas as áreas, etapas e niveis, e a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

Todos os departamentos ou niveis educativos, todos os programas do centro beneficianse dos recursos da biblioteca escolar e das oportunidades que esta ofrece para ampliar ou desenvolver tarefas de aprendizaxe. O equipo de biblioteca debe atender as necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección, pero tamén os departamentos e outros equipos docentes deben contribuír coas súas propostas a unha adecuada selección de materiais, físicos ou virtuais.

Da mesma forma, a existencia de programas como Abalar, Contratos-programa ou Proxecta (entre outros) deberán ser unha oportunidade de traballo coordinado e de aproveitamento dos recursos en beneficio dos resultados académicos e de aprendizaxe do alumnado.

- 9. O Proxecto Lector de Centro deberá ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.**

Tal e como aparece recollido nos decretos dos currículos de primaria⁴ e secundaria⁵, que contemplan a elaboración do Proxecto Lector de Centro (e no que a biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos seus obxectivos), este deberá contribuír á mellora das habilidades de lectura e escritura, así como á

⁴ Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

⁵ Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.



adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información. As revisións que se aborden dos proxectos lectores deberán contemplar tanto a lectura como a escritura e as competencias de traballo coa información, tal e como recollen os devanditos currículos, así como superar a confusión que se dá en ocasións entre proxecto lector (concepto amplo e de certa complexidade) e algunhas das súas posibles concrecións (hora de ler, itinerarios lectores ou outros).

10. A biblioteca escolar incorporará de forma paulatina, a través das súas propostas, ás familias co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.

Son moitos os exemplos de bibliotecas escolares que traballan neste sentido: as seccións específicas dentro da colección destinadas aos adultos; os espazos de lectura específicos para nais e pais; os clubs de lectura de adultos nos que se implica profesorado, persoal non docente, nais, pais ou exalumnos; os grupos de adultos colaboradores; as familias lectoras ou simplemente as mochilas viaxeiras pensadas como instrumento de vinculación, son algunhas propostas que ofrecen bos resultados.

Segunda. Organización da biblioteca escolar

Recoméndase tomar como referencia o anexo XI da Orde de 23 de maio de 2016, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2016/2017 (DOG do 08/06/2016), que recolle as orientacións desta consellería en relación á organización e funcionamento das bibliotecas escolares. Achégase como anexo a estas instrucións.

1. Os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Cómpre revisar, como documento a medio prazo, o proxecto lector de centro á luz das novas necesidades educativas: lectura entendida como alfabetización múltiple e necesidade de traballar de forma intensiva para a adquisición da competencia informacional e mediática. A estratexia da UNESCO no seu documento “Alfabetización Mediática e Informacional: Curriculum para profesores” (2011) é reunir dous ámbitos tradicionalmente separados (o mediático e o informacional) como un conxunto combinado de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para a vida e o traballo de hoxe. AMI (Alfabetización



mediática e informacional) abarca toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e Internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. A complexidade desta competencia que, segundo a UNESCO está conformada por tres alfabetizacións básicas (informacional, mediática e dixital), aconsella un tratamento exhaustivo ao longo dos diferentes períodos educativos obrigatorios e postobrigatorios, así como nos estudos universitarios e na educación non regrada (coa implicación, neste caso, do sector bibliotecario da rede de lectura pública). A Comisión Europea, pola súa parte, insiste nas competencias informacionais e mediáticas ao integralas no documento DigComp, un marco para o desenvolvemento de competencias dixitais en Europa publicado en 2013.

O perigo que anteriormente se denominaba brecha dixital é hoxe, a tenor dos expertos, a “infoexclusión”, que fai referencia ás desigualdades económicas, sociais e culturais (formativas e informativas) que dificultan tanto o acceso como o uso comunicativo e cidadán das tecnoloxías da información e da comunicación. En calquera caso, os proxectos lectores de centro deberán garantir que ningún alumno e que ningunha alumna acabe excluída do seu dereito á información por non acadar unha competencia mínima no uso dos instrumentos e das tecnoloxías que o sistema educativo pon ao seu alcance.

2. Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberán elaborarse Plans Anuais de Lectura (PAL) que recolleran entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación para a biblioteca.

Estas liñas prioritarias deberán contemplar, como mínimo, actuacións:

- a) En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados; provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blogue ou presenza nas redes sociais; persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura en tempo lectivo e non lectivo).*
- b) En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.*
- c) En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital).*
- d) En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.*
- e) Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.*



f) Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros). Indicadores e instrumentos a utilizar.

- 3. O equipo de apoio á biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable da biblioteca escolar, e en colaboración coa xefatura de estudos será o encargado de elaborar os plans de traballo anuais** que favorezan a participación nas actividades e o uso por parte de alumnado e profesorado das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.
- 4. Desde a biblioteca escolar se coordinarán as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro** e deberán contemplarse os beneficios de experiencias xa contrastadas como “hora de ler”, actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura.

Interesa discernir entre o proxecto lector de centro e as fórmulas para a promoción da lectura que se poden empregar para conseguir os seus obxectivos. Así a “hora de ler” ou os “itinerarios lectores” contribúen ao desenvolvemento do proxecto lector pero non deben confundirse con el. Cómpre, así mesmo, realizar un esforzo por sistematizar prácticas que dan resultado como as “lecturas compartidas”, entre outras, e sempre incluír as estratexias de comprensión lectora, adaptándoas á lectura impresa ou dixital, en cada caso.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da páxina da Asesoría de bibliotecas escolares e outros espazos do Portal Educativo pon a disposición do profesorado múltiples recursos informativos, así como exemplos de experiencias en centros de referencia da Rede de bibliotecas escolares, co fin de facilitar estes labores de deseño e posta en marcha de actividades de innovación en relación coas funcións da biblioteca segundo o modelo proposto.⁶

- 5. Poñerese especial atención en superar a fase de “celebración” dos días marcados no calendario civil (Día do Libro, Día do Medio Ambiente e moitos outros) ou no ciclo anual (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...), facendo unha selección non ritualista dos días aos que prestar unha especial atención desde a biblioteca, acorde cos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, do correspondente Plan Anual de lectura, e tamén do tempo dispoñible.**

Cómpre diferenciar moi ben cales son as funcións específicas da biblioteca escolar no centro. Cada ano é máis urxente poñer toda a enerxía e os recursos da biblioteca escolar ao servizo da formación de lectores e escritores competentes e eficaces (con actividades sistematizadas e integradas na vida cotiá do centro), e de

⁶ Páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información e medios (ALFIN/AMI).

Terceira: Profesorado responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio.

1. Tal e como aparece recollido na Orde de 17 de xullo de 2007⁷, no seu artigo 8º, **a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar** por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria, e que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. As funcións desta dinamización están recollidas no artigo 10º da devandita orde.

Cómpre ter en conta que a experiencia na biblioteca escolar, xunto coa formación que se vai adquirindo de forma paulatina, contribúen á especialización do profesorado neste ámbito, o que constitúe unha garantía de estabilidade e de continuidade. Recoméndase que se favoreza, no posible, a permanencia do profesorado nestas funcións, máis aló dos dous anos que se marcan como mínimo.

2. **A persoa responsable da biblioteca integrarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.**
3. **Crearase, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca**, formado por profesorado do centro dos distintos ciclos, etapas ou departamentos existentes no centro, para garantir o seu carácter interdisciplinario.

Trala experiencia destes últimos anos do programa de bibliotecas, e en canto á composición do equipo da biblioteca, **débense ter en conta as seguintes cuestións:**

- a. **Cómpre garantir a estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca escolar que o coordina.**

Dunha selección axeitada da persoa responsable da biblioteca e da continuidade do profesorado no equipo de apoio, dependen en boa medida os resultados do investimento realizado, tanto en recursos materiais como en formación do profesorado.

- b. **A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro.**

Evitarase sempre o nomeamento de persoal laboral non docente ou profesorado en función de substitución, para esta función de coordinación, clave para dar continuidade á dinámica da biblioteca (aínda que poderán integrarse perfectamente no equipo de apoio).

⁷ Orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.



- c. **O funcionamento da biblioteca escolar é unha responsabilidade organizativa do centro polo que deberá facerse unha distribución horaria do profesorado de forma axustada ás necesidades de atención deste importante instrumento educativo ao servizo do centro.**

O esforzo organizativo realizado pola comunidade educativa para a atención da biblioteca escolar, á hora de distribuír as horas dispoñibles no horario do profesorado, trala adxudicación da docencia directa, resulta decisivo para poder desenvolver as potencialidades da biblioteca.

*A xestión e dinamización dunha biblioteca activa, con beneficios para toda a comunidade educativa e que inflúe en todos os procesos de ensino e aprendizaxe, **conleva un número de horas de atención importante**. A implicación dos equipos directivos é crucial á hora de distribuír o paquete de horas dispoñible para a atención das necesidades pedagóxicas do centro, e a biblioteca **debe ser unha prioridade***

- d. **As sesións de garda de biblioteca, realizadas pola profesorado responsable ou membro do equipo de apoio son sesións de traballo efectivo ao servizo da biblioteca e da comunidade educativa (traballo que ademais se poderá identificar e avaliar), o que se deberá ter en conta á hora de valorar a súa asignación.**

- e. **Dá excelentes resultados a concentración das horas de garda na biblioteca (en horario lectivo ou nos períodos de recreo), no horario daquel profesorado que forma parte do equipo.** *Desta forma facilítase non só a xestión dos procesos técnicos, a coordinación, o deseño e realización de actividades de dinamización; tamén a posta en marcha de programas de educación para a competencia informacional directamente co alumnado, o asesoramento ao resto do profesorado en materia de lectura, apoio ou responsabilidade en materias de libre configuración como a actual “Investigación e Tratamento da Información”, para 1º e 2º de ESO (así como as correspondentes adaptacións para 4º/6º de primaria), apoio a proxectos de investigación do alumnado, propostas de carácter interdisciplinario, uso dos recursos dispoñibles en relación coas distintas áreas de aprendizaxe, etc., todas elas funcións imprescindibles da biblioteca escolar na actualidade.*

- f. **Unha fórmula que pode garantir unha atención axeitada da biblioteca é reservar todo o horario dispoñible (con horas lectivas fóra da atención directa a alumnado, e horas complementarias) dos integrantes do equipo de apoio e da persoa que o coordina, responsable da BE, unicamente para a atención da biblioteca.** *Sempre que sexa posible, engadiranse gardas por parte doutro profesorado, en número suficiente para que a biblioteca se manteña aberta, con atención*



directa, a meirande parte do horario e tamén, na medida do posible, en horario extraescolar. En calquera caso, a biblioteca escolar deberá estar sempre a disposición do alumnado nos tempos de recreo.

g. Un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados é a coordinación entre o equipo de biblioteca e, principalmente, o ENDL e o profesorado responsable das TIC, o Departamento de Orientación, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, ou o programa Abalar, na programación das súas actividades. Igualmente, obtéñense mellores resultados cando existe coordinación ente a biblioteca escolar e outros programas do centro: Proxecta, Proa, Programas Europeos, Convivencia, etc.

h. A existencia de alumnado voluntario, organizado nun grupo específico de colaboración, é unha fórmula que axuda non só a conseguir resultados magníficos con este alumnado (está a ser, por exemplo, unha fórmula de integración de gran interese), xa que contribúe á súa formación como lectores, usuarios de información e cidadás activos e solidarios; facilita tamén certos labores de xestión e apoio a outro alumnado que, baixo a supervisión do equipo de biblioteca, resultan dar excelentes resultados.

4. Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponde no centro educativo.

5. Desde a xefatura de estudos favorecerase, no posible, un tempo para a coordinación entre os membros do equipo de biblioteca.

Cómpre ter en conta que levar a cabo as funcións da biblioteca escolar esixe tempo de coordinación, a efectos de facilitar e optimizar o traballo do profesorado neste ámbito.

Estas actuacións están amparadas pola normativa vixente que se relaciona⁸. A existencia dun plan anual de actuación (Plan Anual de Lectura e Liñas prioritarias

⁸ Orde de 28 de xuño de 2010 (DOG de 6 de xullo de 2010) que modifica normativa anterior en materia de horarios do profesorado para a atención de determinados programas da Consellería. Orde de 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007) que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. Regulamentos Orgánicos dos centros.



*de actuación da biblioteca escolar), xunto coa memoria final de curso deberá terse en conta como **indicador do traballo efectuado e dos resultados obtidos**, así como os mecanismos de avaliación que o propio equipo, xunto coa xefatura de estudos determine. **Obsérvase un maior rendemento naquelas bibliotecas nas que os integrantes do equipo contan con unha hora de coordinación semanal no seu horario**, polo que se deberá valorar esta cuestión á hora de elaborar os horarios do profesorado. Na práctica, esta hora é, á súa vez, un tempo de traballo efectivo a prol dos obxectivos da biblioteca escolar.*

Cuarta: Avaliación

- 1. As bibliotecas escolares aplicarán indicadores de avaliación** para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas.

A través desta dirección xeral poderán ter acceso a diversos instrumentos que facilitarán esta avaliación⁹. Así mesmo, desde a coordinación do Plan LÍA de bibliotecas escolares (Asesoría de bibliotecas escolares) facilitaranse ferramentas axeitadas a esta función.

- 2. A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluíra unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar.** Esta memoria será visada pola dirección do centro e integrada na Memoria Final do centro que se remite á Inspección. Nos centros PLAMBE esta memoria deberá recoller, ademais, os aspectos que se contemplan no apartado correspondente da orde anual de convocatoria, e remitila a esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a súa valoración.

Completarase esta información cos datos recollidos no formulario que desde o seguimento do programa se porá a disposición do profesorado que xestiona as bibliotecas escolares, e que deberá cubrirse en formato web, a efectos estatísticos sobre os resultados do Plan de mellora de bibliotecas escolares desta consellería.

No exercicio das súas funcións, os servizos de inspección educativa favorecerán o desenvolvemento das actividades programadas sobre lectura e uso da biblioteca escolar, e supervisarán o axeitado funcionamento dos servizos e dos programas de bibliotecas escolares, así como a atención prestada a este centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe na organización xeral do centro, posta de manifesto no horario anual do profesorado, e no Plan Xeral Anual do centro.

⁹ Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramenta de autoavaliación. FGSR-Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2012)



Quinta: Garantías para o cumprimento destas instrucións.

O persoal desta dirección xeral, adscrito á Asesoría de bibliotecas escolares, orientará e informará en relación aos aspectos metodolóxicos recollidos nestas instrucións de acordo co Proxecto Lector de Centro e a organización e funcionamento da biblioteca escolar.

A Inspección Educativa velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos